

O concello de Ribeira de Piquín “despilfarra” 10.000 euros no proxecto de construción dun tanatorio que non se vai levar a cabo por falta de fondos

Os socialistas piden explicacións ante o que consideran “outro caso de descontrol municipal”, pois a Xunta de Goberno Local aprobara en maio de 2013 a autorización deste gasto, “a sabendas de que xa se sabía con anterioridade que non se ía poder executar”

“Estamos ante un intento da alcaldía de tapar anos de vagancia, pasotismo e deixadez. Achegámonos a unha convocatoria electoral na que o PP volveranos a ofrecer eses mesmos servizos que hai 12 anos, hai 8 e hai 4. Pero o que temos son gastos, investimentos sen cabeza e descontrol, que, acompañados de dous oídos xordos por parte da alcaldía, dan lugar a situacións coma esta”, denuncia o voceiro do PSOE

RIBEIRA DE PIQUÍN, 30 DE XANEIRO DE 2015.- Os socialistas de Ribeira de Piquín critican “o despilfarro diario ao que a alcaldía está sometendo ao noso concello”, pois, tal e como recoñeceu o propio rexedor en resposta a unha pregunta escrita formulada polo voceiro do grupo municipal do PSOE –Roberto Fernández Rico-, a entidade local pagou uns 10.000 euros polo proxecto de construción dun edificio destinado a tanatorio, que, finalmente, non se pode levar a cabo por falta de fondos.

Así se deduce do argumento esgrimido polo alcalde, e que xa lle foi trasladado aos socialistas; por certo, tres meses despois de que rexistraran a iniciativa. Deste xeito, a resposta dada polo mandatario municipal, e que di o seguinte: *a actual normativa en materia de presupostos impide a utilización do remanente de tesourería para a execución de investimentos deste tipo*, non convence a Fernández, pois a citada normativa, xa estaba en vigor cando se adjudicou o contrato da redacción do proxecto.

Proxecto estancado

A Xunta de Goberno Local aprobara o 14 de maio de 2013 a autorización deste gasto. Dende esa data transcorriron case dous anos sen que a entidade local “fose quen de avanzalo”. Por iso, os socialistas vense na obriga de pedir explicacións ante o que consideran “outro caso de descontrol municipal, xa que “necesitamos os veciños de Ribeira de Piquín pagar honorarios pola redacción dun proxecto que leva case dous anos estancado? Onde ten a cabeza o alcalde?, insisten.

“Tapar anos de vagancia”

“Creo que estamos ante un intento da alcaldía de tapar anos de vagancia, pasotismo e deixadez. Achegámonos a unha convocatoria electoral na que o PP repetirá o mesmo programa que non presenta cada vez que nos convocan nas urnas. E volverannos a ofrecer eses mesmos servizos que hai 12 anos, hai 8, e hai 4. E volverán a insistir en que neste mandato contaremos cun centro de maiores, cun tanatorio municipal e con outros moitos servizos. Pero, polo de agora, o que temos son gastos, investimentos sen cabeza e descontrol, moito descontrol, que, acompañados de dous oídos xordos por parte da alcaldía, dan lugar a situacións coma esta”, conclúe Roberto Fernández.